

HONORÉ DE BALZAC

Gobseck

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

Á unha da madrugada, durante o inverno de 1829 a 1830, aínda quedaban no salón da vizcondesa de Grandlieu dúas persoas alleas á familia. Un home novo e aposto marchou ao escoitar dar a hora no reloxo. Cando o ruído da carruaxe resoou no patio, a vizcondesa, ao non ver na estancia máis que o seu irmán e un amigo da familia, que acababan a súa partida de *piquet*⁵, camiñou cara á filla, quen, de pé diante da cheminea, parecía abstraída examinando a pantalla dunha lámpada en litofanía, malia atender ao triquetraque do cabriolé dunha maneira que xustificaba os temores da nai.

—Camille, se segues a ter co conde mozo de Restaud o mesmo comportamento ca este serán, vereime obrigada a non volver recibilo. Escoita, filla, se confías no meu cariño, permíteme que te guíe na vida. Aos dezasete anos non se sabe xulgar nin o porvir nin o pasado nin tampouco certas consideracións mundanas. Só che farei unha observación. O señor de Restaud ten unha nai que despendería millóns; é unha muller de baixa condición social, unha tal señorita Goriot⁶ que antano deu moito que

⁵Xogo de cartas de orixe francesa que se practica dende o século XV e que consiste en acumular puntos mediante bazas e combinacións de cartas superiores ás do contrario.

⁶Ao longo destas páxinas menciónanse varios personaxes cuxas vidas se van detallando nas diferentes novelas que compoñen *La Comédie humaine*, título baixo o cal Honoré de Balzac agrupou un conxunto de máis de noventa obras –novelas, relatos e ensaios– do xénero realista, romántico, fantástico ou filosófico. Esta señorita Goriot, á que se sinala

falar. Comportouse con tanta ruindade co pai do seu fillo que dende logo non merece que lle saíse tan bo. O conde mozo adóraa e ampáraa cunha devoción filial digna dos maiores eloxios, ademais de preocuparse en extremo polo seu irmán e a súa irmá. Mais, por moi admirable que sexa esta conduta —engadiu a condesa con expresión raposeira—, mentres a nai exista, calquera familia sentirá pavor a confiarlle a ese pequeno Restaud o porvir e a fortuna dunha rapaza casadeira.

—Acabo de escoitar unhas palabras que espertan o meu desexo de inmiscirme na conversa entre vostede e a señorita de Grandlieu —interveu o amigo da familia—. Gañei, señor conde! —dixo dirixíndose ao seu adversario—. Abandónoo para acorrer a súa sobriña.

—Velaí o que se chama ter oído de procurador! —exclamou a vizcondesa—. Benquerido Derville⁷, como puido escoitar o que falaba en voz baixa con Camille?

—Interpretei as súas miradas —respondeu Derville sentando nunha poltrona nunha esquina da cheminea.

O tío colocouse a carón da sobriña, e a señora acomodouse nunha cadeira baixa, entre a súa filla e Derville.

—Chegou o momento, señora vizcondesa, de que lles conte unha historia que lles fará mudar a opinión que teñen sobre a fortuna do conde Ernest de Restaud.

como nai de Ernest de Restaud, é Anastasie de Restaud, unha das dúas fillas do señor Goriot, un dos protagonistas de *O tío Goriot* (1835, traducida ao galego en 1994 por Antonio Pichel para a Editorial Galaxia), un modesto vendedor de pastas.

⁷Neste relato aparece por vez primeira este procurador, isto é, un licenciado en Dereito que só pode exercer no Tribunal de Comercio ou cando o número de avogados non abonda para a regularidade do servizo xudicial, personaxe con reiteradas aparicións en *La Comédie humaine*. Del destaca a súa irreprochable honestidade, que lle outorga gran sona en París. As súas distintas actuacións cóntanse en *Splendeurs et misères des courtisanes* (1838-1844), *La Maison Nucingen* (1838), *Une ténébreuse affaire* (1841), *Le Colonel Chabert* (1844) ou *Un début dans la vie* (1844).

—Unha historia! —berrou Camille—. Comece axiña, señor!

Derville mirou a señora de Grandlieu de tal xeito que esta comprendeu que debía prestar atención ao seu relato.

A vizcondesa de Grandlieu era, quer pola súa fortuna, quer polo seu vedraño apelido, unha das mulleres máis ínclitas do barrio de Saint-Germain; e, se ben non semella natural que un procurador de París puidese falarlle con tanta familiaridade e comportarse na súa casa dun modo tan insolente, esta situación é non obstante doada de explicar.

Retornada a Francia canda a familia real⁸, a señora de Grandlieu instalárase en París, onde ao primeiro vivira só grazas á axuda prestada polos fondos tirados da Lista Civil de Luís XVIII⁹, unha situación insoportable. O procurador tivera ocasión de descubrir certos vicios de forma na venda que a República fixera outrora do palacio de Grandlieu, e reclamou que lle fose restituído á vizcondesa. Empeñouse neste proceso en troco dun tanto alzado e gañouno. Alentado por este éxito, artimañou con tal habelencia con non sei que hospicio que obtivo

⁸Isto é, en 1814, tras a caída de Napoleón.

⁹Luís XVIII (Versalles, 1755-París, 1824) reinou entre 1814 e 1824. Por mor da evolución da Francia revolucionaria, fuxiu do país en 1791 e encabezou as intrigas dos emigrados contra o réxime revolucionario, dirixindo unha rede de espías e mantendo contacto cos insurxentes do interior. Tras a execución do seu antecesor, o seu irmán Luís XVI, en 1793, proclamouse rexente no exilio, e logo rei pola morte do delfín Luís XVII en 1795, aos dez anos. Ao cabo, regresou a Francia coa Restauración que seguiu á caída do emperador Napoleón e ocupou o trono durante unha década, agás os meses do Imperio dos Cen Días, tras os cales retomou o reinado logo da batalla de Waterloo. Prometeulle aos franceses establecer unha monarquía constitucional, o cal plasmou na Carta outorgada de 1814, onde a autoridade do rei quedaba limitada pola instauración dun Parlamento bicameral e a garantía dos dereitos individuais dos súbditos. A Lista Civil era a dotación orzamentaria da que dispuña o monarca.

